



Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA AO PLENO DA CORPORACIÓN

María García Gómez, voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica, ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico Municipal (ROM) do Concello da Coruña, presenta a seguinte **EMENDA á aprobación da “Proposta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamento, equidistribución e urbanización nos seguintes ámbitos da área de planeamento incorporado API S35 Ría do Burgo: polígonos e áreas de repartición delimitados en solo urbano non consolidado, situados ao norte da Ponte da Pasaxe (POL RB1, RB2, RB3, RB4, RB5 e RB6)”** para o seu debate polo Pleno da Corporación da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno municipal traslada ao Pleno da Corporación, órgano competente a teor do disposto no art. 123 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local (LRBRL), así como no 47.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), “proposta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamento, equidistribución e urbanización nos seguintes ámbitos da área de planeamento incorporado API S35 Ría do Burgo: polígonos e áreas de repartición delimitados en solo urbano non consolidado, situados ao norte da Ponte da Pasaxe (POL RB1, RB2, RB3, RB4, RB5 e RB6)”.

Considera o concelleiro delegado de Urbanismo, e así o explica o informe proposta que asina e se somete a debate, que a aplicación do previsto no Plan Xeral de Ordenación Municipal en vigor (PXOM 2013) sobre o ámbito en cuestión produciría **“unha importante afección sobre a franxa litoral”** da cidade e que resulta “aconsellable acometer a revisión daquelas **determinacións do planeamento que xeran resultados non desexables** dende o punto de vista da paisaxe litoral e do patrimonio, da rexeneración e renovación dos tecidos urbanos existentes, do desenvolvemento urbano sostible e da cohesión social”. Argumentos, ambos os dous, que a Marea Atlántica comparte con carácter xeral.

Arguméntase, acertadamente, que o previsto na API S35 Ría do Burgo é incompatible co **“novo modelo territorial”** que se vén configurando a través de **importantes documentos de carácter estratéxico**. Cítanse os casos da Nova Axenda Urbana Hábitat III das Nacións Unidas (2016), as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (2011), o Plan de Ordenación do Litoral (2011) ou a “Estratexia de adaptación ao cambio climático da costa española” (2017), derivada da aprobación da Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e modificación da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas.

Sen dúbida, **a relación podería ser máis profusa**. Podería engadirse a Estratexia Galega de Economía Circular 2019-2030 ou, xa no eido local, mencionar o programa EDUSI, o Plan Estratéxico de Acción Local (PEAL) para implementar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), a Estratexia contra o Cambio Climático 2014-2020 ou a Estratexia de Infraestrutura Verde elaborada no pasado mandato. Documentos todos eles que respaldan unha abordaxe integral da salvagarda ambiental do bordo litoral, ameazado por diferentes desenvolvementos urbanísticos, e non unicamente polos incorporados na API S35.

Sendo así, e en coherencia coas conclusións do Foro Tecendo Litoral celebrado durante o pasado mandato, outra das referencias explícitas do informe proposta, **deben considerarse nesta modificación puntual do PXOM, e someterse á suspensión cautelar da tramitación de instrumentos de planeamento, equidistribución e urbanización, outros ámbitos costeiros nos que concorren circunstancias substancialmente coincidentes e onde as afeccións previstas polo planeamento son tan severas, cando non aínda máis graves, que no sinalado** polo goberno municipal. É o caso, singularmente, dos polígonos da API S35 situados máis alá da Ponte da Pasaxe (RB7, RB8 e RB9), lindantes co municipio veciño de Culleredo; do polémico PE M18 de Labañou, popularmente coñecido como **Percebeiras**, cuxo aproveitamento tipo duplica o da Ría do Burgo e contra o que consta unha crecente oposición veciñal e numerosas alegacións; e no **SUD-1 do Portiño**, afectado polas sobredeterminacións do Plan de Ordenación do Litoral e o plan de conservación do Espazo Natural de Interese Local das Illas de San Pedro.

Como acontece entre Oza e A Pasaxe, os desenvolvementos previstos nestes polígonos ameazan a supervivencia ambiental do bordo litoral como resultado dunhas expectativas de crecemento obsoletas e incompatibles coa debida protección de espazos sensibles polos seus valores ecosistémicos. **E ningún argumento, nin de natureza xurídica nin de carácter urbanístico, pode xustificar a aplicación de criterios contraditorios e aparentemente discrecionais en distintas áreas do bordo litoral**. Sobre todo, considerando que todos reúnen iguais supostos de feito aos efectos do que se propón.

Os prazos para o cumprimento dos deberes urbanísticos por parte dos promotores, tal e como se regulan no artigo 1.1.8.b do PXOM 2013, distintos para os ámbitos de solo urbanizable e aqueloutros de solo urbano non consolidado, **foron superados en todos os casos. E tampouco o feito de estar en tramitación un instrumento de planeamento de desenvolvemento**, como acontece co Plan Especial M18 de Labañou ou co Estudo de Detalle do RB2, aspecto este último que omite o expediente, **constitúe obstáculo ningún**. Ben ao contrario, existe reiterada xurisprudencia neste sentido, e o propio informe complementario menciona a sentenza do Tribunal Supremo do 31 de outubro de 2017 (res. 1646/2017) ou as do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 6 de maio de 2010 (res. 490/2010) e do 27 de outubro de 2016 (res. 634/2016).

E tampouco, por último, pode empregarse como criterio excluínate a presunta concorrencia de supostos indemnizatorios. En primeiro lugar, porque non constitúe suposto indemnizatorio ningún a alteración de planeamento cando consta acreditado o incumprimento polos promotores dos prazos previstos polo planeamento. E en segundo

caso, como ben sabe e coñece este goberno municipal, porque o feito de que existan instrumentos de planeamento e de xestión en trámite nas áreas e polígonos en nada impide a aplicación da medida cautelar da súa suspensión, dado que ningún deles está aprobado definitivamente. Todo isto, claro, con independencia das debidas compensacións de gastos indicadas no artigo 47.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Non menciona o informe proposta, pero si este grupo municipal, a **sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 7 de novembro de 2012, na que se desestima a petición de responsabilidade patrimonial por alteración de planeamento formulada por unha promotora no polígono RB2 (Astilleros Valiña)** en relación coa ordenación aprobada no 2008 e incorporada como API ao PXOM 2013: *“Nada ha de repararse e indemnizarse por no ser antijurídicos los daños y perjuicios que haya podido padecer el administrado, como en el presente caso, en que, por su voluntarismo no ha solicitado licencia directa de edificación de las dos parcelas (33 y 38) sitas en suelo urbano consolidado y sobre las otras 4 (7, 8, 10 y 30) no desarrolló el Polígono de As Xubias de Abaixo, de iniciativa privada, con anterioridad a la suspensión del PXOU en tal ámbito, por lo que la pérdida de edificabilidad (no son indemnizables los fuera de ordenación producidos por el cambio de ordenación urbanística) resultante de tal modificación no puede imputarse al Concello de A Coruña durante el período que media entre la aprobación definitiva del PXOM (1998) y la suspensión de licencias por Pleno de 18-2-2002; por lo que no concurren los requisitos exigidos para que surja la responsabilidad patrimonial del Concello”*.

En definitiva, **o que se dirime aquí é se o consenso acadado ao redor da protección e a salvagarda do bordo litoral da Coruña é aplicable só a unha parte do ámbito comprendido entre Oza e A Pasaxe ou afecta ao conxunto dos espazos costeiros, privilexiados, escasos e baixo presión**, nos que aínda é posible evitar afeccións dificilmente reversibles. As categorías de centro e periferia que parecen alentar na proposta que se somete a debate no Pleno da Corporación, fonte de inxustiza territorial, deben ser superadas. Os espazos libres litorais deben ser considerados, de maneira integral, como inestimables reguladores metabólicos da cidade urbanizada enteira, na súa transición co mar e con toda a riqueza ecosistémica que esta singularidade conleva.

Por todo o antedito, formúlase a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1.- No **punto primeiro da proposta** de acordo, substituír esta parte:

“Aprobar a proposta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamento, equidistribución e urbanización nos seguintes ámbitos da área de planeamento incorporado API S35 “Ría do Burgo” polígonos e áreas de repartición delimitados en solo urbano non consolidado, situados ao norde da Ponta da Pasaxe (POL RB1, RB2, RB3, RB4, RB5 e RB6)”.

Por estoutra:

“Aprobar a proposta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamento, equidistribución e urbanización nos seguintes ámbitos da área de planeamento incorporado API S35 “Ría do Burgo” (POL RB1, RB2, RB3, RB4, RB5, RB6, RB7, RB8 e RB9), así como no POL M18 Labañou e no SUD-1 O Portiño.

2.- Substituír o **punto segundo da proposta** de acordo polo seguinte:


“SEGUNDO.- Incoar o expediente de estudo e análise dos parámetros urbanísticos e de ordenación territorial aos efectos dunha modificación puntual do planeamento xeral nos ámbitos identificados no apartado primeiro, co obxectivo de preservación do bordo litoral e dos valores de protección medioambiental, paisaxística e de sostibilidade.

Sen prexuízo de garantir en todo o proceso a debida participación e información públicas, corresponderá á Comisión Especial do Bordo Litoral a discusión, o estudo e o ditame das cuestións relativas a tal expediente, para o cal deberanse convocar as xuntanzas necesarias e procedentes cunha periodicidade mínima mensual”.

3.- Substituír o **punto cuarto da proposta** de acordo polo seguinte:

“CUARTO.- Notificar este acordo aos Departamentos e servizos municipais relacionados coa execución do planeamento, así como ás entidades e persoas promotoras dos instrumentos de planeamento e de xestión en trámite”.

A Coruña, 3 de novembro de 2020



María García Gómez
Voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica